REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

Día: 28.02.2018 Hora: 10:30

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 28 de febreiro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Proposicións non de lei

1.1 9365 (10/PNC-000979)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos documentos elaborados polo Ministerio de Sanidade respecto da fibromialxia e as actualizacións existentes, a elaboración dunha estratexia contra esa doenza e a súa consideración para os efectos da incapacitación laboral, a necesidade de adaptación ou o cambio de posto de traballo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 120, do 31.05.2017

1.2 18697 (10/PNC-001516)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis
Sobre a creación pola Xunta de Galicia dun consello galego da infancia e a adolescencia como organismo participativo nas políticas publicas do Goberno galego e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto, así como no fomento do desenvolvemento da participación da infancia e da adolescencia nos consellos locais, de acordo coa Fegamp, con especial atención á participación en igualdade de condicións dos nenos con diversidade funcional
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 194, do 17.10.2017

1.3 20277 (10/PNC-001647)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a apertura pola Xunta de Galicia dunha mesa de negociación co persoal e a empresa subcontratada en relación coas condicións do traslado ao novo edificio da Estrada da atención das urxencias médicas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 215, do 22.11.2017

1.4 20764 (10/PNC-001696)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a creación pola Xunta de Galicia dun punto de atención continuada para a cobertura, de xeito específico, da atención sanitaria

dos concellos de Barbadás, San Cibrao das Viñas e Toén
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 222, do 04.12.2017

1.5 25171 (10/PNC-001960)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis
Sobre a implantación polo Goberno galego do Servizo de Hemodinámica as 24 horas do día no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 260, do 14.02.2018

1.6 25846 (10/PNC-001989)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a demanda á Xunta de Galicia de creación dunha mesa de diálogo en defensa da sanidade pública de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 260, do 14.02.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2018

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez

Presidenta da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P

Vicepresidente

Miguel Ángel Tellado Filgueira	P

Secretaria

María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 28.02.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 28.02.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.1 9365(10/PNC-000979)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos documentos elaborados polo Ministerio de Sanidade respecto da fibromialxia e as actualizacións existentes, a elaboración dunha estratexia contra esa doenza e a súa consideración para os efectos da incapacitación laboral, a necesidade de adaptación ou o cambio de posto de traballo

Publicación da iniciativa, 120, 31.05.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2017 13:11
Nº Rexistro: 9365
Data envio: 22/05/2017 13:11:58.168

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Torrado Quintela** e **Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

Hoxe, a fibromialxia se define por cadros de dor muscular, esquelético, crónico e xeneralizado. Descoñécese con claridade a súa orixe i é unha enfermidade recoñecida por todas as organizacións médicas internacionais e pola Organización Mundial da Saúde (código M79.9 da clasificación CIE-10) como unha enfermidade de reumatismo non articular.

Existen diversos estudos sobre a súa prevalencia, que ofrecen datos entre o 1 % e o 4 % da poboación, afectando en maior medida a mulleres, sendo a causa máis frecuente de dor osteomuscular xeneralizado e crónico. Calcúlase que en Galicia poden existir en torno ás 30.000 persoas afectadas.

Existe dificultade para o seu diagnóstico, polo que apúntase a existencia dun gran número de persoas afectadas sen estar aínda diagnosticadas. Tamén o tratamento constitúe un problema relevante, pois a enfermidade afecta de maneira importante á calidade de vida das persoas que a sofren e a todos os seus ámbitos de desempeño, incluíndo o eido laboral, social e incluso familiar. Por iso a súa abordaxe debe ser non unicamente dende unha perspectiva sanitaria.

No ano 2003 o Ministerio de Sanidad y Consumo elaborou un documento sobre a enfermidade no que recollía as directrices de diagnóstico e tratamento para difundir entre os familiares, profesionais sanitarios e poboación en xeral para facilitar o coñecemento sobre a enfermidade. Este documento foi actualizado en 2009 por indicación do Consello Interterritorial, para incluír os avances e adaptalo ao tratamento e diagnóstico da patoloxía. En 2011 o Ministerio de Sanidad, Servicios

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2017 13:11
Nº Rexistro: 9365
Data envio: 22/05/2017 13:11:58.168

Sociales y Consumo revisou e actualizou os coñecementos sobre a enfermidade para mellorar os procesos de diagnose e tratamento.

A pesar dos avances, queda moito por facer no terreo da fibromialxia, tanto dende a abordaxe médica como da difusión e información relativa á mesma ou, incluso, no recoñecemento da súa incapacitación de cara ao desenvolvemento da actividade laboral das persoas que a padecen.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. Avaliar e profundizar, dende o Consello Interterritorial, nos documentos elaborados polo Ministerio de Sanidad e as actualizacións existentes.
2. Elaborar unha estratexia contra a fibromialxia, que contemple:

    a. Difundir entre os e as profesionais da sanidade galega a información, e posibles accións formativas, necesarias para mellorar na diagnose e tratamento da fibromialxia.
    b. Impulsar a investigación que contribúa a mellorar o coñecemento sobre esta enfermidade, tanto na súa orixe como no desenvolvemento e tratamento.
3. Avaliar a influencia da fibromialxia sobre o desempeño laboral, para definir as condicións e criterios a ter en conta para estimala como posible causa de incapacitación laboral, necesidade de adaptación ou cambio de posto de traballo.

Pazo do Parlamento, 19 de maio de 2017

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/05/2017 13:11
Nº Rexistro: 9365
Data envio: 22/05/2017 13:11:58.168

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 22/05/2017 13:07:13

Noela Blanco Rodríguez na data 22/05/2017 13:07:19

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 22/05/2017 13:07:24

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 28.02.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.2 18697(10/PNC-001516)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre a creación pola Xunta de Galicia dun consello galego da infancia e a adolescencia como organismo participativo nas políticas publicas do Goberno galego e as actuacións que debe levar a cabo ao respecto, así como no fomento do desenvolvemento da participación da infancia e da adolescencia nos consellos locais, de acordo coa Fegamp, con especial atención á participación en igualdade de condicións dos nenos con diversidade funcional

Publicación da iniciativa, 194, 17.10.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2017 17:33
Nº Rexistro: 18697
Data envio: 11/10/2017 17:33:45.441

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a través da súa deputada e deputado **Paula Vázquez Verao** e **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento desta Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 5.ª**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Convención sobre os dereitos do Neno (CDN), aprobada pola Asemblea Xeral da ONU o 20 de novembro de 1989, e ratificada polo Estado español en 1990, recoñece á infancia como suxeito de dereitos e non só como obxecto de protección e coidados, fomentando que a propia infancia teña voz e participación no deseño das políticas que lle afectan. As nenas e nenos son cidadanía, e como tal teñen dereito á participación nas políticas públicas.

Deste xeito, o artigo 12 da CDN establece que "os Estados Partes garantirán ao neno que estea en condicións de formar un xuízo propio o dereito de expresar a súa opinión libremente en todos os asuntos que afecten, tendo debidamente en conta as opinións do neno, en función da idade e madurez deste."

O Parlamento Europeo aprobou a Resolución A3-0172/92 pola que se aproba a Carta Europea dos Dereitos do Neno, que garante o dereito á "participación" de nenos e nenas en "actividades sociais."

A Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo, que modifica o sistema de protección á infancia e adolescencia, fai fincapé –referido á protección xurídica da persoa menor– no concepto do "interese superior do menor" como elemento primordial

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2017 17:33
Nº Rexistro: 18697
Data envio: 11/10/2017 17:33:45.441

en todas as accións e decisións que lle afecten e no "dereito a ser escoitado" en "calquera procedemento administrativo, xudicial ou de mediación."

O II Plan Estratégico Nacional de Infancia y Adolescencia 2013-2016, aprobado en Consello de Ministros o 5 de abril de 2013, ten como un dos seus obxectivos a "participación infantil", propoñendo medidas de actuación que inclúen a "elaboración de estudos" recollendo a opinión de nenos e nenas, a "participación infantil nos municipios" e "promover que a participación cidadá sexa un contido transversal nos programas de atención á infancia, impulsando a creación de Consellos, clubes de infancia e espazos de encontro e relación con outros colectivos."

O Pacto Galego pola infancia asinado en 2011 por todos os grupos da Cámara galega incluía o compromiso coa posta en funcionamento do II Plan Estratéxico de Infancia e Adolescencia, incluíndo especificamente o compromiso de "fomentar o desenvolvemento de órganos estables de participación infantil."

A Estratexia para os dereitos dos nenos do Consello de Europa recolle como un obxectivo estratéxico "promover a participación" da infancia.

A Estratexia Galega da Infancia e a Adolescencia 2016 – 2020 –en fase borrador- recolle a "participación" como un dos seus "principios orientadores" e sinala que a Estratexia "tenderá a promover a autonomía e participación da infancia e da adolescencia en distintos ámbitos". Ademais, como liña estratéxica 1 asume a "promoción dos dereitos e a participación" da infancia e da adolescencia, fomentando "a súa participación activa na comunidade e en calquera proceso que lle afecte, tendo en conta as súas inquedanzas, opinións, demandas e propostas e as diferenzas por motivos de xénero."

Galicia non conta cun organismo autonómico de participación infantil e xuvenil.

O Programa Cidades Amigas da Infancia, da UNICEF, naceu en 1996 co obxectivo de fomentar a participación da infancia a través da administración

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2017 17:33
Nº Rexistro: 18697
Data envio: 11/10/2017 17:33:45.441

local, tendo como piares fundamentais o "**deseño de políticas públicas eficaces** baseadas na Convención sobre os Dereitos do Neno, a **promoción da participación infantil e adolescente e o impulso de alianzas entre todos os actores** relacionados coa infancia a nivel municipal". En Galiza, só o Concello de Castrelo de Miño participa neste programa.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 5.ª:

O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

1. Crear o Consello Galego da Infancia e a Adolescencia (C.G.I.A.) como organismo participativo da infancia e a adolescencia galegas nas políticas públicas da Xunta de Galiza.

2. Presentar, no primeiro semestre de 2018, un plan de traballo para o Consello Galego da Infancia e a Adolescencia ata 2020.

3. Incluír no plan de traballo do C.G.I.A. un eixo de traballo sobre a análise das desigualdades de xénero, as políticas a impulsar para superalas e un plan para o empoderamento das nenas e adolescentes galegas para identificar e divulgar elas mesmas á sociedade galega as desigualdades de xénero na súa vida cotiá, nunha colaboración entre a Consellería de Política Social, a Consellería de Educación e Cultura e a Secretaría Xeral de Igualdade.

4. Incluír no plan de traballo do C.G.I.A. un eixo de traballo sobre as causas da pobreza e o aumento do risco de pobreza na poboación infantil e na adolescencia en Galiza, así como para a sensibilización sobre a situación da infancia en todo o mundo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/10/2017 17:33
Nº Rexistro: 18697
Data envio: 11/10/2017 17:33:45.441

GRUPO PARLAMENTAR en marea

5. Incluír no plan de traballo do CGIA un eixo de traballo sobre a crise ecolóxica.

6. Fomentar o desenvolvemento da participación da infancia e a adolescencia en Consellos locais, de acordo coa FEGAMP, prestando especial interese ao fomento da participación de nenos e nenas con diversidade funcional en igualdade de condicións.

7. Dotar orzamentariamente de xeito suficiente ao Consello Galego da Infancia e a Adolescencia nos Orzamentos da Xunta para 2019.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Verao

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Deputado e Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 11/10/2017 17:21:20

Luis Villares Naveira na data 11/10/2017 17:21:30

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 28.02.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.3 20277(10/PNC-001647)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a apertura pola Xunta de Galicia dunha mesa de negociación co persoal e a empresa subcontratada en relación coas condicións do traslado ao novo edificio da Estrada da atención das urxencias médicas

Publicación da iniciativa, 215, 22.11.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2017 18:29
Nº Rexistro: 20277
Data envio: 15/11/2017 18:29:31.467

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea,** por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión.**

Exposición de motivos

En Galicia, as urxencias médicas e as emerxencias son atendidas polo 061 e o 112 respectivamente.

Por unha decisión que carece de criterio técnico e unicamente responde a unha cuestión estritamente política, como así foi recoñecido por parte do Vicepresidente da Xunta e o Conselleiro de Sanidade ás traballadoras e traballadores de ambos servizos, acórdase o traslado das mesmas de Santiago a un novo edificio na Estrada. Todo isto, nun contexto de falta total de información ao persoal e carencias na nova plataforma ao quedar colgada na entrada de chamadas.

O traslado do 112 que tivo lugar fai uns meses, estivo marcado por unha folga indefinida do persoal en defensa dos seus dereitos laborais así como en denuncia das carencias da nova plataforma. Si ben é certo que a folga foi levantada ao conseguir parte das demandas en relación aos dereitos laborais, os problemas na plataforma continúan poñendo en risco un servizo importantísimo para a poboación. Ademais, as traballadoras e traballadores están a denunciar actualmente a falta de cumprimento dos acordos acadados.

No caso do 061 o traslado aínda no tivo lugar, pero as condicións semellan moi parecidas ás vividas polo 112. O persoal do 061 denuncia a falta de información sobre o traslado, as datas ou condicións do mesmo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/11/2017 18:29
Nº Rexistro: 20277
Data envio: 15/11/2017 18:29:31.467

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

A opacidade da Consellería de Sanidade en relación a este tema é absoluta, non só co persoal se non tamén no propio Parlamento ao ter ignorando esta cuestión cando foi preguntado ata en dúas ocasións por esta deputada na comparecencia dos orzamentos.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a abrir unha mesa de negociación coas traballadoras e traballadores na que estean presentes a Xunta e a empresa subcontratada.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández, Deputada do G.P. de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira, Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 15/11/2017 18:22:35

Luis Villares Naveira na data 15/11/2017 18:22:44

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 28.02.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.4 20764(10/PNC-001696)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a creación pola Xunta de Galicia dun punto de atención continuada para a cobertura, de xeito específico, da atención sanitaria dos concellos de Barbadás, San Cibrao das Viñas e Toén

Publicación da iniciativa, 222, 04.12.2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 13:36
Nº Rexistro: 20764
Data envio: 27/11/2017 13:36:37.534

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á creación dun punto de atención continuada (PAC) para a atención sanitaria aos concellos de Barbadas, San Cibrao das Viñas e Toén.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade é unha peza fundamental para o benestar das e dos galegos e a súa ordenación debe ter en conta a distribución da poboación así como a garantía da mellor atención posíbel. Polo tanto, desde as administracións e institucións debemos avaliar que modificacións ou cambios son oportunos para a súa mellora.

Dunha banda, os concellos de Barbadás, San Cibrao das Viñas e Toén forman parte, xunto aos concellos de Ourense, Pereiro de Aguiar e Nogueira de Ramuín, dos concellos que son atendidos polo Punto de Atención Continuada (PAC) de Ourense. Neste sentido, entre todos eles suman unha poboación censada no ano 2016 de 132.339 habitantes residindo nun territorio total que acada os 355,21 km². Por outra banda, os concellos de Barbadás, San Cibrao e Toén sumaban no ano 2016 unha poboación censada de 18.146 habitantes nun territorio de 128.01 km^2, este territorio vén a supoñer o 36.03% do territorio total e a súa poboación un13.7%.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 13:36
Nº Rexistro: 20764
Data envio: 27/11/2017 13:36:37.534

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste sentido, desde o Bloque Nacionalista Galego consideramos que malia non acadaren estes concellos os 25.000 habitantes, cómpre ter en conta unha serie de circunstancias que deben levar á administración galega a dotalos dun Punto de Atención Continuada específico. Dunha banda, varios puntos dos concellos indicados, os máis afastados, rozan ou superan o limite da isócrona de 30 minutos. Doutra banda, é preciso valorar conxuntamente as demandas da poboación deses concellos, xa que os datos das capas poboacionais dos concellos mais poboados (Barbadás e San Cibrao das Viñas) demostran un grande dinamismo social. Por exemplo, podemos constatar o predominio de zonas medias e polo tanto de persoas activas e en idade fértil. Neste sentido, malia a crise demográfica que incide de forma importante nas comarcas da circunscrición de Ourense, é factíbel prognosticar nos vindeiros anos un mantemento do incremento da poboación, tamén pola absorción doutras localidades de comarcas próximas.

Neste sentido, o incremento poboacional previsíbel para ambos os dous concellos citados leva a pensar a necesidade de atender tamén o incremento da demanda nunha poboación con patoloxías crónico dexenerativas, tanto pola suma de poboación doutros concellos como polo progresivo avellentamento das amplas franxas medias. Dunha banda, este tipo de patoloxías crónico dexenerativas son unhas grandes consumidoras de recursos en tempo de profesionais. Doutra banda, a situación de predominio de estratos medios na pirámide de poboación tamén indica a alta posibilidade de incremento da poboación pediátrica que tamén é consumidora de tempo dos profesionais sanitarios.

A estas consideracións cómpre engadir que o concello de Toén presenta unha pirámide poboacional basicamente invertida coa importancia que iso ten en sanidade para determinar e prever o consumo de recursos, e a máis que probábel dificultade para o acceso ao sistema sanitario de urxencias da capa de poboación mais envellecida, e por tanto a incapacidade para garantir a equidade no acceso.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 13:36
Nº Rexistro: 20764
Data envio: 27/11/2017 13:36:37.534

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todas estas cuestións, co fin de garantir o acceso en igualdade de condicións ao sistema sanitario público de urxencias da poboación de maior idade destes concellos, de estar en situación de dar cobertura aos retos que implican as pirámides poboacionais descritas, satisfacer as demandas da cidadanía, e de incentivar a fixación de poboación nova e en idade de se reproducir, así como a necesidade de estar tamén preparados para o futuro que a demografía nos presenta, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego considera importante reorganizar o mapa sanitario conforme se describiu

Por estes motivos, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

"O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza a crear un Punto de Atención Continuada que dea cobertura específica aos concellos de Barbadás, San Cibrao das Viñas e Toén."

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2017

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/11/2017 13:36
Nº Rexistro: 20764
Data envio: 27/11/2017 13:36:37.534

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/11/2017 13:20:25

María Montserrat Prado Cores na data 27/11/2017 13:20:31

Olalla Rodil Fernández na data 27/11/2017 13:20:33

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/11/2017 13:20:37

Xosé Luis Bará Torres na data 27/11/2017 13:20:40

Ana Pontón Mondelo na data 27/11/2017 13:20:43

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 28.02.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.5 25171(10/PNC-001960)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 2 máis

Sobre a implantación polo Goberno galego do Servizo de Hemodinámica as 24 horas do día no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Publicación da iniciativa, 260, 14.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 25171
Data envio: 05/02/2018 14:31:47.876

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez**, **Raúl Fernández Fernández e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

Segundo os datos do INE de 2016, Ourense lidera en Galicia a taxa de mortaldade por infarto de miocardio por cada 100.000 habitantes, cunha porcentaxe do 59,7. Ademais, esta cifra sitúa á provincia 27 puntos por riba da media estatal. Na actualidade o servizo de hemodinámica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense soamente está dispoñible en horario de 8:00 a 15:00 horas de luns a venres, o que provoca centos de traslados ao complexo hospitalario de Vigo, o centro de referencia cando o servizo non está activo.

Nos infartos é fundamental unha atención inmediata e os traslados provocan o aumento do tempo de agarda e a redución das posibilidades de supervivencia. En Ourense, de media, tardan por exemplo 1 hora máis na apertura da arteria causante do infarto que en Santiago de Compostela, o que supón dende o punto de vista do grupo socialista unha vulneración dos principios de equidade e seguridade dos e das pacientes.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2018 16:30
Nº Rexistro: 25171
Data envio: 05/02/2018 14:31:47.876

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a implantar, de maneira urxente, o servizo de hemodinámica 24 horas no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, co fin de respectar os principios de equidade e seguridade dos e das pacientes.

Pazo do Parlamento, 2 de febreiro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 05/02/2018 14:18:46

Raúl Fernández Fernández na data 05/02/2018 14:19:16

Julio Torrado Quintela na data 05/02/2018 14:19:25

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/02/2018 14:19:30

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego
Día: 28.02.2018 Hora: 10:30
Orde do día

1.6 25846(10/PNC-001989)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de creación dunha mesa de diálogo en defensa da sanidade pública de Galicia

Publicación da iniciativa, 260, 14.02.2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 18:06
Nº Rexistro: 25846
Data envio: 08/02/2018 18:06:28.005

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa á petición á Xunta de creación dunha mesa de diálogo en defensa da sanidade pública de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A preocupación pola situación da sanidade pública en Galiza non fai máis que aumentar. Ao igual que non deixa de medrar o rexeitamento ás decisión que a consellaría de sanidade está a tomar.

Desde que fixeron público o Anteproxecto de modificación da Lei 8/2008 de Saúde de Galiza non deixaron de producirse rexeitamentos.

Centos de alegacións no portal de transparencia, a pesares de que fixeron público o anteproxecto en pleno mes de agosto, con nocturnidade e aleivosía, con opacidade, sen diálogo nin participación e con un prazo para de presentación de alegacións moi reducido.

Téñense realizado pronunciamentos en contra de profesionais e organizacións sindicais, mocións aprobadas en concellos e deputacións.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 18:06
Nº Rexistro: 25846
Data envio: 08/02/2018 18:06:28.005

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Miles de persoas nas mobilizacións realizadas nas catro áreas sanitarias que pretenden suprimir: Salnés, Valdeorras, Mariña e Monforte, que expresan con rotundidade a súa oposición a que lle supriman as súas áreas porque saben que detrás da supresión non hai ningunha mellora, senón alonxamento e perda de recursos e capacidade de decisión

O domingo 4 de febreiro as rúas de Compostela foron un clamor en demanda da retirada da modificación da Lei 8/2008 de Saúde de Galiza, en defensa da sanidade pública de Galiza, contra a privatización da sanidade pública, contra os recortes de orzamento, de medios e de persoal, contra o desmantelamento progresivo, continuo, sen pausa da sanidade pública que está realizando o PP desde a Xunta

Diante dunha mobilización histórica como a que protagonizou onte o pobo galego, un goberno que teña como prioridade o interese da cidadanía, un goberno que teña como obxectivo gobernar para a maioría, ten que tomar nota e sentarse a dialogar.

Os representantes da Plataforma SOS Sanidade Pública, convocantes da manifestación, fixeron un chamamento á Xunta e ao seu Presidente Núñez Feixóo ao diálogo, por esta razón o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a retirar o Proxecto de lei de modificación da lei 8/2008 de saúde de Galiza e constituír unha mesa de diálogo con SOS Sanidade Pública, organizacións políticas, sindicais e sociais da

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 18:06
Nº Rexistro: 25846
Data envio: 08/02/2018 18:06:28.005

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sanidade en Galiza; para abordar a situación da sanidade pública no noso país e facerlle fronte ao deterioro que está a padecer.”

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/02/2018 17:47:26

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/02/2018 17:47:32

Olalla Rodil Fernández na data 08/02/2018 17:47:33

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/02/2018 18:06
Nº Rexistro: 25846
Data envio: 08/02/2018 18:06:28.005

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 08/02/2018 17:47:35

Xosé Luis Bará Torres na data 08/02/2018 17:47:36

Ana Pontón Mondelo na data 08/02/2018 17:47:41